

Pero... ¿cómo se fai isto da OFGM?

Para encher a Declaración da Renda

Podes usar o programa PADRE, a páxina web de Facenda, unha xestoría, a cita previa para facer os cálculos xerais da túa declaración sin entregala. Translada os números a un impreso, calcula túa obxección e, agora si, entrega en Facenda.

Cota porcentual:

1. Fai a declaración da renda ate chegar ao apartado “*Cuota resultante de la autoliquidación*” (cartos que terías que pagar se non cotizaras cada mes)
2. Calcula a % desta cantidade (parte proporcional do gasto militar 9,8% ou militar + control social 12,47%)
3. Continúa facendo a declaración. Cando cheges ao apartado “*Retenciones y otros pagos a cuenta*” borra un dos subapartados que non utilices e pon por enriba “*Por Obxección ao Gasto Militar*”. Nesta casilla pon a cantidade calculada no paso 2.
4. Remata normalmente a declaración

Cota fixa:

1. Fai a declaración ate o apartado “*Retenciones y otros pagos a cuenta*” borra un dos subapartados que non utilices e pon por enriba “*Por Obxección ao Gasto Militar*”. Nesta casilla pon a cantidade de 84 euros (polos 84 países empobrecidos pola déveda externa).

Para ambos casos:

1. Acabando a declaración, **ingresa a cantidade da obxección no proxecto alternativo que consideres**. Pide que no concepto do recibo do banco ou caixa figure “*obxección ao gasto militar*”.
2. **Adxunta na declaración o xustificante de ingreso**.
3. É convinte **adxuntar tamen un escrito para a delegada de Facenda explicando os motivos da desobediencia**
4. E moi importante: **¡Comunicanos que fiseches a obxección para saber cantas comos! Un mail chega**

Lembra:

Se a declaración sae a retornar, os pasos son os mesmos. O resultado será que Facenda ten que retornarte máis.

Paradas, pensionistas, estudantes,... independentemente da súa situación social poden adquirir os impresos da Declaración e no sobre introducir unha carta co seu nome e DNI dirixida a Delegada de Facenda, expresando a protesta contra o gasto militar. A carta debe entregarse xunto cos impresos sen encher, en branco. Isto é fácil de asumir por calquer persoa sen que teña que afrontar sancións administrativas.

Máis info, modelos de cartas e alegacións, enquisa e contactos na web.

¿Cómo se reparten os nosos impostos?



Comparativa con outros gastos:

datos do Ministerio de Economía e Facenda (www.meh.es), en millóns de euros

	Defensa	Control social
	18.1660,89	4.953,14
	Fomento do Emprego (7.749,77)	
	Sanidade (4.633,45)	
	Educación (3.088,52)	
	Servicios Sociais (2.720,60)	
	Acceso Vivenda (1.491,46)	
	Cultura (1141,89)	

¿Non adicarías téus cartos a outra cousa?

Colectivos propostos (ejemplos para iste ano)

cada obxetor escolle o colectivo ou proxecto para facer o desvío:

Asociación Revolucionaria de Mulleres de Afganistán, organización política independente de mulleres afganas en loita polos dereitos humans e a xustiza social desde 1977. (www.rawa.org)

A Ría Non se Vende: rede de colectivos na defensa das continúas agresión que sofre á ría de Vigo (www.arianonsevende.org)

Espazo Aberto Antimilitar: grupo que aglutina diferentes colectivos e persoas contra a guerra e o militarismo. (www.nonaogastomilitar.org)

Conta: 2080-0046-31-0040026408 (*CaixaRouva*), indica "obxección fiscal ao gasto militar" e o nome do colectivo.

[e s p a z o a b e r t o
a n t i m i l i t a r]

nonaogastomilitar.org

Para resolver dúbidas, colaborar na campaña, organizar charlas, presentacións ou repartir información... non o duvides, e contacta!

986 493 381 :: CSA 'Cova dos Ratos', Romil 3 baixo, 36202 Vigo.

os téus impostos matan,
ti podes desarmalos,
informate.



Coa que está caendo (crise económica e os conseguintes recortes sociais), o Goberno vai empregar (como mínimo) a cantidade de 18.160,89 millóns de euros en gasto militar. Cantidade que, obviamente, aportamos todas vía impostos; cantidade que NON será dedicada a pensións, ensino, sanidade ou subsidios, por poñer algúns exemplos.

Esta inversión continuada, descomunal e disparatada en investigación militar, armamento e en manter un exército cada vez máis expedicionario, non contribúe en absoluto a mellorar a seguridade de ninguén. Antes ben, supón un risco para a existencia da vida, e do mesmo planeta.

Programas coma o HAARP estadounidense, consistente na manipulación da propia atmosfera para poñela ao servizo da eficiencia militar, poñen en evidencia que este risco non é unha hipótese posíbel nun futuro lonxano, senón que é unha realidade plenamente actual.

Porén, a ameaza que os exércitos representan fáisenos ultimamente palpábel dun xeito moito máis directo, toda vez que a grande máscara que durante os últimos tempos se esforzaron en crear para ocultar a súa verdadeira natureza, vaise desfecendo. Os últimos “erros” cometidos en Afganistán, nos que se bombardeou unha vez máis á poboación civil provocando máis de medio centenar de mortes en menos de vinte días, serviron para lembrarnos que as chamadas “intervencións humanitarias” no estranxeiro non son máis que o que anteriormente denominabamos ocupacións militares, con todo o que iso implica. Pero ademais, os feitos acontecidos en Chile despois dos últimos terremotos, no que o exército foi mobilizado para “controlar” á propia poboación desesperada (ou no caso de Haití encubriendo unha ocupación militar en toda regra), trouxonos a primeiro plano a outra relevante atribución dos exércitos: a “pacificación” non só no exterior, senón tamén no interior das propias fronteiras, unha vez que os mecanismos habituais de contención son superados.

Por todo isto, e porque rexeitamos a propia existencia dos exércitos e a ideoloxía militarista que os lexítima, **declarémonos un ano máis persoas obxectoras fiscais aos gastos militares, por motivos de conciencia e de sentido común.** E declaremos as nosas cabezas zonas permanentemente desmilitarizadas.

Espazo Aberto Antimilitar, marzo 2010.

* Acrónimo de *High Frequency Active Auroral Research Program*, é un programa científico e militar desenvolto e financiado pola Forza Aérea e a Mariña dos Estados Unidos e pola Universidade de Alaska; unha das principais actividades deste programa é a modificación da ionosfera nunha zona limitada da mesma. Segundo unha resolución do Parlamento Europeo de 28 de xaneiro de 1999, a estación HAARP manipula o medio ambiente con fins militares. Mais info en wikipedia.org

ORZAMENTO MILITARIZADO do ESTADO 2010

1.- **Gasto Militar**, estrito e reducido, computa partidas claramente relacionadas coas Forzas Armadas (millóns de euros):

- Orzamento do Ministerio de Defensa:	7.694´86
- Organismos Autónomos do M. de Defensa:	1.218´19
- Centro Nacional de <i>Inteligencia</i> :	241´37
- Clases Pasivas Militares:	3.328´59
- Achegas a institucións militares estranxeiras:	11´07
- Investigación militar do Ministerio Industria:	950´91
- Instituto Social das Forzas Armadas (ISFAS):	617´53
- Intereses sobre a débeda xerada polo Gasto Militar:	1.125´20
- Dirección Xeral da Garda Civil (parte das FF.AA.), Formación e Corpos de Reserva:	2.973´17

18.160´89 millóns €. 9´8 % do Orzamentos Xerais.

2.- '**Gasto Militar e Control Social**' inclúe realidades da nosa sociedade que, ao noso parecer, supoñen unha intrusión de formas e valores do militar na mesma. (millóns de euros)

- Todas as anteriores:	18.160´89
- Formación Corpos e Forzas Seguridade Estado; Policía:	55´76
- Forzas e Corpos de Reserva; Policía:	511´17
- Seguridade Cidadá; Policía:	2.724´73
- Seguridade Cidadá; Secretaría de Estado da Seguridade:	320´45
- Seguridade Cidadá; Infraestruturas e Equipamentos:	29´21
- Actuacións policiais en materia de droga: policía (41´27) Sec. Estado da Seguridade (5´55):	46´82
- Transferencias internas: Sec. Estado da Seguridade:	2´17
- Transferencias internas: Sec. Xeral Institucións Penais:	22´52
- Centros e Institucións Penais:	1.208´64
- Traballo, formación dos reclusos:	32´67

23.115´03 millóns €. 12´47 % do Orzamento Xeral do Estado.

Facendo as contas ao final de cada exercicio o Estado entre pitos e flautas cada ano ven realizando un **gasto militar entre un 15 e un 20% superior o orzamentado.**

Consecuencias da OFGM.

Pese a que so sobre unha porcentaxe moi baixa das obxeccións Facenda acaba reclamando os cartos desviados a obxección o gasto militar é unha acción de protesta non recoñecida legalmente

Facenda non acepta normalmente as razóns de conciencia polo que, non recoñece a dedución da porcentaxe que efectuamos. Por iso cando se decata do que fixemos na nosa declaración non o dá por válido, ou ben non nos devolven os cartos que desviamos, ou ben reclamánonos.

Cando Facenda nos comunique que non acepta a nosa obxección fiscal, a resposta pode ser: Aceptar (pagar o que nos pide e non reclamar) ou recorrer diante da delegación de facenda primeiro e despois, se denegan o recurso, diante do Tribunal Económico Administrativo Provincial.

De todos modos, por non ser a OFGM un dereito recoñecido legalmente, temos toda as de perder, polo que o máis normal no caso de que reclamémo os cartos é que non nos devolvan ou que embarguen a nosa conta pola cantidade obxectada.

Pensamos, de todos modos, que esta situación non debe ser un atranco para reclamar o que cremos xusto, o dereito a non contribuir cos nosos cartos á guerra.

Obxección Fiscal ao Gasto Militar (OFGM)

É unha campaña antimilitarista proposta desde 1982 e que levan a cabo varios miles de persoas todos os anos.

Na declaración do IRPF, **a persoa contribuínte expresa o seu rexeitamento a soste o exército e outros corpos armados negándose a pagar do imposto unha cantidade igual á que en proporción vai a estes destinos** (segundo os orzamentos do Estado), **e desvía eses cartos** (non supón evadir impostos) **cara a unha finalidade social ou ecoloxicamente beneficiosa.** Desta xeito reclama activamente a anulación do orzamento militar e a abolición do Exército.

É un xesto cívico e comprometido, pola paz, por un mundo sen violencia, sen guerras, e sen exércitos.

É un xesto de **desobediencia civil**, e como tal encádrase na tradición e estratexia da **nonviolencia**. Non está recoñecida legalmente. Non existe ningunha casa no impreso da renda. Nós debuxámola e tamén explicamos as razóns. Non escondemos a nosa acción.

A peor consecuencia que ten neste momento é que Facenda, nuns poucos casos, reclamáanos (ou se nega a devolvernos) o diñeiro que desviamos.

Por que é necesaria hoxe día?

En tanto e en canto siga habendo guerras e sigan existindo os exércitos é necesaria. Con todo no noso Estado faise máis perentorio que nunca crear iniciativas cidadás que paren o desaforado crecemento dos orzamentos militares e a crecente vocación belicista dos sucesivos gobernos.

O exército no Estado, actualmente e cada día máis, xa non está para 'defender a integridade do Estado Español' senón que se emprega nunhas e outras guerras de invasión xustificadas baixo diversos pretextos, pero nas que subxacen sempre intereses económicos. Coma nas intervencións en Oriente Medio (Iraq, Afganistán...) nas que o interese claro e nalgúns casos confeso é participar no negocio do petróleo nas últimas décadas de explotación deste recurso. Ou en actuacións máis 'periféricas' (Haití, Bielorrusia, Congo, Líbano...) onde se colabora cos intereses xeoestratéxicos de EEUU a cambio de vantaxes para multinacionais estatais (Repsol, Endesa, Unión Fenosa, Telefónica, BBVA, Banco de Santander...) na súa penetración en mercados e fontes de materias primas.

O exército español, que se profesionalizou até ser unha especie de exército de mercenarios, é cómplice (cando non executor directo) de mortes de civís, de violacións de dereitos humanos, de saqueo de países pobres etc. O militarismo español está en auxe.

Cal é a súa finalidade política?

O fin da OFGM é a total eliminación dos exércitos, a investigación militar e a contorna militar industrial mediante unha redución progresiva dos gastos militares. Facendo OFGM mostramos o rexeitamento social que ten o gasto militar en particular e o militarismo en xeral, ao mesmo tempo que nos solidarizamos con outras loitas polo progreso social que se dan na nosa sociedade.

Por isto propomos a todas as persoas e movementos sociais: a desobediencia civil, por medio da OFGM., fronte á imposición de colaborar co militarismo.

Onde vai o diñeiro desviado?

Co diñeiro desviado promóvese o traballo pola Paz, a xustiza social, a cooperación para o desenvolvemento, a mellora do medio ambiente, os dereitos humanos, o apoio a loitas transformadoras noutros estados etc. Con este diñeiro conséguese facer realidade proxectos que non reciben subvencións, proxectos que permiten seguir traballando por unha sociedade máis xusta e equitativa. Ti escolles o proxecto.